

**Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.**

**Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024**

**Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024**

**Resolución do 16 de novembro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre, escala básica, categoría de policía, convocado pola orde do 31 de maio de 2024, pola que se publican as listaxes de cualificacións provisionais do cuarto exercicio.**

Na sesión deste Tribunal, validamente constituído, o día 16 de novembro de 2024, tras a realización do cuarto exercicio completo (probas escritas e entrevistas) , nas deliberacións que tiveron lugar nesta sesión, ACORDASE:

- Aprobar como Anexo a esta Resolución, a listaxe provisional das persoas aspirantes que superaron o cuarto exercicio, seguindo un criterio alfabético.

Concedese un prazo de cinco (5) días hábiles a efectos de alegacións as cualificacións provisionais publicadas no anexo I desta Resolución (do 18 ao 22 de novembro de 2024, ambos incluídos)

Recordáselle que as alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal. No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).



**Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.**

**Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024**

**Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024**

Non se admitiran alegacións recibidas a través de correos electrónicos, ni ningún outro medio diferente ao expresado con anterioridade.

- Informar, que o quinto exercicio deste proceso selectivo, correspondente ao recoñecemento médico, vaise a realizar na sede da Academia Galega de Seguridade Pública, e ao mesmo serán convocados un total de 110 persoas aspirantes, conforme aos criterios de selección especificados nas bases da convocatoria.

A Estrada, asinado dixitalmente

A presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

